



CÁTEDRA UNESCO

Innovación y gestión de la cultura
empresarial en el marco universitario

Patrocina:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO
Dirección Xeral de
Promoción do Emprego

IDEAS GAÑADORAS DO X CONCURSO DE IDEAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS DA USC

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2010

Salón Reitoral

12.00 horas



ÍNDICE

1.- GRÁFICAS REPRESENTATIVAS.....	3
2.- RELACIÓN DAS IDEAS GAÑADORAS.....	6
3.- DESCRIPCIÓN DAS IDEAS GAÑADORAS.....	7



DISTRIBUCIÓN POR SEXO





Áreas de Coñecemento



Situación Laboral dos Candidatos





RELACIÓN DAS IDEAS GAÑADORAS

CÓDIGO	TÍTULO DA IDEA
1981	A terapia do Canguro
2021	Aplicacións dos Sistemas de Información Xeográfica ao estudo e análise da produción artística e literaria
2042	Reciclaje de Cabello Humano
2072	O neno chora!!!
2137	1,2,3 y listo!!!

DESCRIPCIÓN DAS IDEAS GAÑADORAS

Nº Contador 1981

Apelidos e Nome: Saez Iglesias, Vanesa
Facultade: Ciencias da Comunicación
Universidade: Santiago de Compostela (Campus Santiago)

Título Idea A TERAPIA DO CANGURO

Breve Descrición A iniciativa consiste nunha páxina web bilingüe (en galego e castelán) dirixida a galegos e galegas de todas as idades que teñan cancro, leucemia ou un linfoma. A web contará cun apartado específico para mozos e mozas galegos aos que se lles diagnostique calquera tipo de cancro, incluído o Linfoma de Hodking, unha variedade de cancro linfático que afecta especialmente a xente nova, de entre 13 e 30 anos. A idea xorde porque eu, a creadora, fun diagnosticada hai uns meses desta doenza, a cal descoñecía completamente, e da que actualmente estou a tratamento con quimioterapia. A información que aparece en internet sobre a doenza é pouco precisa, ás veces incorrecta, e os foros que existen para os doentes están cargados de morbo e pouco realismo e profesionalidade, non transmiten optimismo. A páxina web ofrecería servizos integrais on line a persoas afectadas por cancro, leucemia ou algún tipo de linfoma, e elaboraría coa participación de investigadores das 3 universidades galegas, psicólogos, psiquiatras, traballadores sociais, educadores, hematólogos e oncólogos dos hospitais Xeral- Cíes de Vigo e o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, sendo extensible esta participación a outros hospitais galegos de referencia. A denominación, “terapia do canguro”, é unha expresión da miña invención que pretende resumir a finalidade do servizo: arroupar ás persoas que padecen cancro, coma o canguro arroupa ás súas crías na bolsa marsupial, e, ao mesmo tempo, axudalas a superar a doenza, coma se de saltar unha pedra no camiño da vida se tratase.

Produtos A web ofrece servizos integrais para persoas con cancro, leucemia ou linfoma. Non tería ánimo de lucro, polo que a colaboración desinteresada e o financiamento por parte das administracións, especialmente da Xunta de Galicia a través da Consellaría de Sanidade e do Goberno central, a través do ministerio, así como dos concellos galegos a través das súas áreas de servizos sociais, sería

fundamental. Así mesmo, a colaboración das universidades galegas sería esencial. Baixo o lema “A terapia do canguro” ofreceríase aos doentes un amplo abano de posibilidades para aprender a convivir coa súa doenza, coñecer máis sobre ela, e cargarse de optimismo. O lema foi ideado por min mesma, ante o linfoma que me tocou vivir. A terapia do canguro baséase no coñecemento da enfermidade e dos fármacos que axudan a combatela, do proceso da quimioterapia, das probas médicas que se deben realizar periódicamente para comprobar a evolución do cancro e dos cambios que se deben levar a cabo na propia vida cotiá para superala do xeito menos traumático posible. Así mesmo a terapia do canguro inclúe axuda psicolóxica, tanto para o afectado como para os seus familiares, parellas, etcétera. Outro aspecto salientable é a necesidade de gozar do tempo de lecer com actividades que sí están permitidas durante o tratamento da doenza, e tamén o de manter as relacións sociais e familiares, contando co apoio da familia, amigos e parella en todo momento. Un apoio que mesmo chega a ser físico, con abrazos, aloumiños e bicos. A idea de dar a todos os servizos que precisa unha persoa con cancro a denominación de “terapia do canguro” xurdiu na miña propia vivencia do cancro, da necesidade de sentirme arroupada e querida nesta época tan complicada da miña vida, da necesidade de saber a qué enfermidade me estou a enfrontar, qué podo facer (actividades e obradoiros que permitan gozar do tempo de lecer, mediante cousas que o doente si pode facer, fronte ás que tem que deixar de facer por prescripción médica), cómo vivir coa quimioterapia, qué tomar para atoparme mellor, cómo verme guapa no espello e como afrontar o futuro. Respostas que pretende dar a web que centra este proxecto empresarial. Na web habería apartados informativos, onde se explicarían as distintas patoloxías, tipos de tratamentos, porcentaxe de éxito na curación, factores a ter en conta, consellos, dieta, restricións e alternativas de lecer e tempo libre para que os doentes non se sintan "enfermos", para que non se pechen em sí mesmos e traten de seguir vivindo como calquera persoa sá, sempre conscientes das súas limitacións, pero motivados grazas a distintas actividades que sí podem realizar, que aparecerán recollidas na web, mesmo cun directorio de contactos para obter información ampliada e inscribirse em actividades. A web contaría tamén cun videoblog centrado no arreglo persoal, xa que o cancro, debido ao tratamento com quimioterapia, é unha doenza que deteriora físicamente. Ese deterioro pode convertirse para algúns nun foco de angustia, que é o que trataría de evitar este videoblog. Consellos de maquillaxe, tratamentos faciais, estilismo em canto a puchos, perrucas e panos para colocar na cabeza... Un amplo abano de alternativas para que a caída do cabelo e o deterioro do aspecto leven aos doentes a um cambio de “look” que non tem porqué resultar traumático, e que pode

adaptarse ao estilo persoal de cada un. Incluiríase un catálogo on line de artigos de arreglo persoal, que se poderían mercar a través de internet ou en tendas de distintas cidades galegas, incluídas nun directorio. Doutra banda, a web da Terapia do Canguro contaría cunha bitácora que irían escribindo os doentes e medicos que o desexasen, un foro onde intercambiar opinións, coñecer a persoas coa mesma enfermidade, etc. Tamén unha galería de famosos que sufriron algún tipo de cancro e documentación grafica, audiovisual e escrita sobre casos concretos e reais en Galicia, relatados polos seus propios protagonistas.

Doutra banda a web ofrecería asesoramento psicolóxico on line para pacientes, familiares e achegados, así como a posibilidade de consultar dúbidas com hematólogos e oncólogos, ademais dunha sección de “preguntas máis frecuentes” que poden xurdir nos doentes. Doutra banda, os usuarios poden obter axuda dun traballador ou traballadora social na súa zona, para tratar problemas laborais ou sociais derivados da doenza ou relacionados con ela, así como para seleccionar, unha vez superada a enfermidade, o tipo de traballo máis conveniente para cada paciente.

Quen Comprara

- Galegos e galegas diagnosticados dalgún tipo de cancro, incluída a xente nova .
- Familiares, parellas e amigos de afectados
- Estudantes de ESO, Bachalerato e universitarios, para que o cancro deixe de ser tabú e coñezan os seus efectos e causas, así como o proceso que pasa o doente
- Asociacións contra o cancro de ámbito galego e estatal
- Hematólogos e oncólogos
- Psiquiatras e psicólogos
- Traballadores sociais
- Administración municipal, autonómica e nacional

Competencia

Non hai competencia en sentido estrito, malia que si colectivos como a Asociación Española contra o Cancro, que poderían ser futuros colaboradores desta web

Carácter Innovador

É innovadora porque cada vez mais galegos, e máis mozos e mozas en Galicia somos diagnosticados dalgún tipo de cancro, pero o mais innovador é o enfoque: profesional, pero ao mesmo tempo humano e próximo, falando no noso idioma, prescindindo no posible dos tecnicismos; ademais do público ao que vai dirixido. Pretende ser unha ferramenta de axuda para adaptarse e superar a enfermidade, pero ao mesmo tempo un foro de especialistas e enfermos, familia e xente nova, que debe prepararse para os novos tempos, xa que se

prevé que nos vindeiros anos continúen aumentando os casos de cancro en Galicia.

Disposto Con Outros socios
TempoPostaEnMarcha Entre 6 e 12 meses

Nº Contador **2021**

Apelidos e Nome Casas Vales, Arturo
Facultade Filoloxía
Universidade Santiago de Compostela

Título Idea **APLICACIONES DOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA AO ESTUDO E ANÁLISE DA PRODUCCIÓN ARTÍSTICA E LITERARIA.**

Breve Descrición Trataríase de constituír unha plataforma empresarial para comercializar aplicacións derivadas da tecnoloxía dos sistemas de información xeográfica (SIX) ao estudo de produción artística e literaria en marcos culturais específicos.
As aplicacións estarían orientadas a unha explotación fundamental en tres esferas de mercado: o institucional, o turístico e o educativo.
Un exemplo: visualizar o espazo narrativo dun relato determinado (ficcional ou documental) cos SIX e servirse desta tecnoloxía para unha análise da distribución da acción, itinerarios dos personaxes, etc.
Outro exemplo: vincular SIX e TIC a propósito da produción artística dun pintor ou escultor para a súa explotación comercial por parte dunha fundación, un museo ou similares. Esta aplicación non ten por que obedecer a unha comprensión individual da produción artística e pode orientarse así mesmo á produción de grupos, colectivos, xeracións, etc.

Produtos Software SIX ad hoc.
Guías culturais e artístico-literarias.
Produtos de innovación educativa.
Produtos de comercialización museística.

Quen Compra Entidades e corporacións locais e provinciais. Organismos e institucións educativas no nivel estatal e autonómico. Museos e fundacións. Editoriais especializadas en materiais educativos e didácticos.

Competencia Creo que co sentido específico que aquí se detalla non existen desenvolvementos concretos que considerar, se ben hai desde hai tempo aplicacións xeoculturais que se limitan a localizar puntos de interese para sistemas autonavegadores ou similares.

Carácter Innovador Éo porque se aplica desde unha tecnoloxía emerxente e contribúe a unha visibilidade gráfica e intuitiva cun mercado potencial plural e

moi aberto. A innovación material básica consiste, en primeiro lugar, en filiar produción artística e/ou literaria a un territorio determinado con perspectiva xeocultural; e en segundo termo, en fornecer ferramentas útiles para entender a relación entre produtos artísticos ou literarios e o espazo xeográfico, entendido este nun sentido máis ou menos amplo.

Disposto Con outros socios

TempoPostaEnMarcha Entre 6 e 12 meses.

Nº Contador 2042

Apellidos e Nome Mora Peña, Selene Hayde
Facultade Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade Santiago de Compostela

Título Idea RECICLAJE DE CABELLO HUMANO

Breve Descripción La idea consiste en ofrecer un servicio integral de recolección de cabello humano producto de los cortes de cabello en los salones de belleza y peluquerías. Obteniendo la materia prima (cabello humano) se procesará para la elaboración de composta para plantas ornamentales y cultivos. Así mismo en un futuro se podrían elaborar fibras absorbentes de aceite para uso doméstico.

Produtos *Recolección de cabello humano: se ofrecerá a los propietarios de dichos establecimientos un contenedor especial y exclusivo para que depositen los restos de cabello, posteriormente se procederá a cambiar el contenedor lleno por uno limpio. Esto con una previa logística para la recolección del mismo.

*Composta y fibras de composta: una vez obtenido el cabello humano se procesará hasta obtener unas pequeñas fibras que son utilizadas como composta para plantas ornamentales. En caso de ser un cultivador se hará la composta en grandes volúmenes, de acuerdo a las necesidades de los clientes.

*Fibras absorbentes de aceite: están consisten en una fibra delgada de cabello, al haber algún derrame de aceite en algún líquido o superficie, absorben con mucha facilidad dichoFibras residuo.

Quen Comprara * Servicio de recolección: propietarios de salones de belleza, escuelas de belleza y peluquerías.

*Composta y fibras de composta: dirigido al público general, en caso de grandes volúmenes nuestro cliente serán los agricultores.

*Fibras absorbentes de aceite: dirigido al público en general y empresas que utilicen material químico y necesiten separar aceite o residuos de derivados del petróleo, en sus procesos.

Competencia Debido a que es algo nuevo en el mercado, solo he tenido conocimiento de una empresa norteamericana Smart grow, dedicada a la compra de cabello humano en China, posteriormente lo procesa en pequeñas fibras de cabello para las plantas ornamentales.

Carácter Innovador Hace casi un año aproximadamente en la búsqueda de ideas para poder desarrollar un proyecto en una clase y a la estrecha relación que tenía con el tema del reciclaje (inicie trabajos para la elaboración de un manual de organización de una metalera la cuál se dedicaba a la venta y compra de chatarra). Leí en artículos que se podía reciclar el cabello humano debido a sus grandes propiedades, el cabello humano desechado en los cortes podría ser de gran utilidad para la producción de composta ya que este produce grandes cantidades de nitrógeno que no son equiparables con los fertilizantes químicos y naturales como lo son el estiércol, además que se hace eficiente el uso del agua pues la planta o cultivo no requiere grandes cantidades; las plantas y cultivos crecen sanos. Otro aspecto interesante es que el cabello humano absorbe los residuos químicos del petróleo y sus derivados lo cuál es muy bueno en cuanto a la limpieza de líquidos contaminados. Por estos motivos mi idea es innovadora, la basura por excelencia es un buen negocio. En mi país (México) aún es muy difícil que la sociedad comprenda la nueva cultura del reciclaje es por ello que me interesó aplicarlo en Europa debido al gran avance que hay ante estas nuevas ideas de negocio.

Disposto So

TempoPostaEnMarcha Entre 6 e 12 meses

Nº Contador 2072

Apelidos e Nome Parada Gañete, Ana
Facultade Ciencias da Educación
Universidade Santiago de Compostela

Título Idea O neno chora!!!

Breve Descrición Poñámonos no caso dunha muller que ten unha discapacidade auditiva case total. Non é muda posto que adquiriu esa discapacidade con idade avanzada xa. Nestes momento fala con normalidade e leva unha vida o mais normal posible corrixinco a súa deficiencia auditiva con audífonos. Queda embarazada e de noite e sen audífonos posto que non pode durmir con eles non é capaz de escoitar ao seu neno cando chora. Propoño que se invente algún mecanismo que faga que no momento no que o neno chore se encendan as luces da habitación de xeito intermitente e forte para que a nai se poida despertar.

Produtos

Quen Comprara

Competencia

Carácter Innovador

Disposto So

TempoPostaEnMarcha Ningún xa está madura.

Apellidos e Nome Almeira Gómez, Natividad
Facultade Escola Técnica Superior de Enxeñería
Universidade Santiago de Compostela

Título Idea 1,2,3 y listo!!!

Breve Descripción empresa que comercialice un táper que se caliente sin la necesidad de introducirlo en el microondas o en cualquier otro lugar. El proceso sería parecido al que existe actualmente con algunos tipos de cafés. En ciertos lugares se venden una especie de vasos de café los cuales se calientan tras apretar un botón. Esto tiene lugar gracias a una reacción química exotérmica que tiene lugar en el fondo del vaso, donde se encuentran ciertos componentes químicos. Lo malo de esto es que la reacción es irreversible, de tal forma que cuando lo aprietas una vez ya no puedes volver a repetirlo. Lo bueno de este taper es que la reacción que tendría lugar en su interior sería reversible de tal forma que se podría utilizar tantas veces como quisieras. Otra forma de que el taper se 'autocalentase' sería incorporarle una especie de batería en su interior que le diera autonomía propia.

Produtos Comercializaría los anteriores tapers de diferentes formas y tamaños, adaptándose a las necesidades de los usuarios.

Quen Comprara va dirigido a todas las personas en general, pero muy especialmente a los estudiantes como yo, que nos vemos muy justos de tiempo. O también sería muy útil para la gente que trabaja en diferentes sectores que no tienen tiempo suficiente para cocinar (sanidad, administrativo....) sería una forma rápida y sencilla de comer rápido y sano sin tener necesidad de acudir a la comida rápida.

Competencia la competencia de este producto es limitada aun así podría venir desde el mercado chino (debido a la imitación) o desde otras empresas fabricantes de tapers que intentarían sacar al mercado ideas más innovadoras y sofisticadas.

Carácter Innovador se trata de un producto inexistente en el mercado actual demandado por los usuarios porque hoy en día los tapers que existen necesitan ser introducidos en el microondas o en otro tipo de instrumento para calentar su contenido. Sin embargo no tienen autonomía propia.

Disposto Non, pero pode ser unha boa idea para que a leven a cabo outros

TempoPostaEnMarcha Entre 6 e 12 meses.